



M^a del Carmen Torreiro Cotos, alcaldesa en funcións do concello de Vilasantar, a data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: DECRETO DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS NO PROCESO SELECTIVO POR OPOSICIÓN PARA 4 TÉCNICOS/AS MEDIOAMBIENTAIS PARA O "PROXECTO AMBIENTAL VILASANTAR, SOBRADO E CURTIS 2021"

Expte: **2021/E001/000005**

Expte: 2021/G003/000195

Visto que mediante o Decreto de Alcaldía nº 180/2021, de 06/08/2021, se aprobaron as bases para a contratación, con carácter temporal, de 4 postos de técnicos/as medioambientais para o "Proxecto ambiental Vilasantar, Sobrado e Curtis 2021" subvencionado pola Dirección Xeral de Administración Local.

Vista a oferta de emprego de técnicos/as medioambientais remitido por este Concello á Oficina de Emprego de Melide para selección de candidatos/as.

Vista a solicitude do resultado da selección remitido pola Oficina de Emprego de Melide en data 13/08/2021, formulario da selección número 12-2021-7556. Contactado telefonicamente con todos/as os/as candidatos/as remitidos para comprobación de se cumpren os requisitos esixidos e se están dispoñibles para contratación, polo que se publica a listaxe definitiva.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. **Resolvo:**

Primeiro.- Abocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que tiña sido delegada por decreto de alcaldía número 80/2019, de data 21 de xuño de 2019, na Xunta de Goberno Local.

Segundo.- Admitir definitivamente os/as aspirantes que se relaciona a continuación para ó proceso selectivo para a contratación para a cobertura, con carácter temporal, de 4 postos de técnicos medioambientais para o "Proxecto ambiental Vilasantar, Sobrado e Curtis 2021" subvencionado pola Dirección Xeral de Administración Local:

APELIDOS E NOME	DNI
BOGA VAZQUEZ VICTOR MANUEL	32821***Q
LOPEZ LORENZO MARIA	33340***L
MONTES LAGARES MARCOS	54129***P
VILA FARIÑAS NOEMI	76819***Y

Terceiro.- Segundo a cláusula sexta das bases establecer a Comisión seleccionadora:



Presidenta: M^a Trinidad Veiras Freire, técnica de cultura e información xuvenil do Concello de Vilasantar.

Suplente de Presidenta: M^a Montserrat Vázquez Varela, traballadora social do Concello de Vilasantar

Secretaria: María Chao Carballeira, secretaria interventora do Concello de Vilasantar.

Suplente Secretaria: M^a Isabel Novo López, funcionaria do Concello de Vilasantar

Vogal: M^a Esther Vidal Pandelo, traballadora social do Concello de Boimorto.

Suplente de vogal: Marta Roca Souto, administrativa do Concello de Curtis.

Vogal: Ana Belén Vázquez Garea, técnica de intervención familiar do Concello de Vilasantar.

Suplente de vogal: Ana M^a Vallo Camba, AEDL do Concello de Boimorto.

Vogal: M^a Luisa Cacharrón Souto, funcionaria do Concello de Boimorto.

Suplente de vogal: Elisa Rodríguez López, técnica de deportes do Concello de Vilasantar

Cuarto.- Convocar a Comisión Seleccionadora para o xoves 20 de xullo de 2021 ás 10:00 na casa consistorial do Concello de Vilasantar (cláusula 6^a das bases da convocatoria) para realización da entrevista e convocar tamén os/as aspirantes admitidos/as para a realización da mesma (segundo a cláusula 7^a).

Sétimo.- Publicar a presente Resolución nas páxinas webs dos Concellos de Vilasantar, Sobrado e Curtis así como nos taboleiros de anuncios.

Oitavo.- Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación aos efectos oportunos.

Mándao e asíno a súa señoría a alcaldesa en funcións, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria – Interventora, María Chao Carballeira, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE